Buxus sempervirens L., 1753

- buxo, mirta, boxe
- boj, boje, buje, bucho
- ezpel o ezpela
- boix, boix comú
- box tree
- buxinho, buxo



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Buxales**	**Buxaceae**	***Buxus***

ORIXE

Suroeste de Asia, do Xapón e da China.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto perenne de entre 1 e 2 metros de altura, aínda que pode acadar os 4–5 m. Presenta follas verde escuras, opostas en pares cruzados, coriáceas e de contorna ovada-elíptica, co ápice escotado. O tronco é rachado, de porte irregular, con codia suberosa e escamuda. As flores, moi pequenas e de cor verde amarelado, agrúpanse en glomérulos axilares. O froito é unha cápsula trilocular, ovoide, duns 0,8 cm, que remata en tres corniños dobres. As sementes son negras, brillantes e miden entre 5 e 6 mm de diámetro.

HÁBITAT

Solos ben drenados e ricos, nunca encharcados, lixeiramente calcarios se non son neutros. Require invernos frescos e resiste ben as xeadas, o vento e a seca.

DISTRIBUCIÓN

Centro e sur de Europa, norte de África, Cáucaso, Asia menor e sur do Himalaia. Na Península Ibérica aparece principalmente na metade norte.

CURIOSIDADES

O nome *sempervirens* significa “sempre verde”, en referencia ao seu carácter perenne. Aínda así, as follas poden adquirir un ton alaranxado durante o inverno e recuperan a súa cor verde no verán.